


**AUTOINSTRUCCIONES**

**APRENDO**

**A ESCRIBIR HISTORIAS**

# 1. Penso.



- Busco temas sobre os que podería escribir.
- Cal é o que máis me atrae? Por que?
- Con cal cres que disfrutarían máis os lectores?
- Decido o tema da miña historia
- Cal é a miña posición na historia?
  - ✚ narrador protagonista (cóntoa en primeira persoa)
  - ✚ narrador testigo (cóntoa en terceira persoa)

## 2. Elaboro as etapas do relato.

### ➤ Presentación da situación inicial:

- ✚ As persoaxes son:
- ✚ Características das persoaxes
- ✚ Lugar e tempo onde acontecen os feitos

### ➤ Algo sucedeu: trama


- ✚ O acontecemento precipitante é (problema que se orixina)
- ✚ Reacción das persoaxes ante o desacordo.
- ✚ As solucións que pensan son:
- ✚ As actuacións son:

### ➤ Resolvendo o problema:

- ✚ O problema resólves desta maneira
- ✚ O problema non se resolve e as persoaxes intentan unha nova acción

### ➤ Poñéndolle título á historia:

- ✚ Buscamos varios títulos.
- ✚ Eleximos un.



### 3. Organizamos a historia



## 4. Guía para organizar as ideas nun texto narrativo

- Como iniciarei a miña historia?
- Que ideas previamente planificadas poden ir no mesmo paragrafo?
- En que orde vou presentar os feitos?
- Que reservo para o final?



## 5. Agora a realizar o meu primeiro borrador.

Cada vez que empeces unha nova idea pensa:

- Queda claro?
- Dixen todo o que quería dicir nesta etapa?
- Podo engadir algo máis que esclarezca a mña información



## 6. Xa podo revisar o escrito.

Unha vez finalizada a escritura vólveo ler e sinala os apartados que máis e menos che gustaron. Podes utilizar estas preguntas para guiar a túa revisión:


- Queda clara a organización da túa historia, presentación dos feitos, trama e desenlace?
- É correcto o Por qué? da nosa historia.
- A forma de comezar é axeitada? Que podes cambiar?
- Cando vou cambiar de tema separo correctamente os paragrafos? Podería modificar algún?
- Podo engadir ou quitar algo do final para que sexa máis interesante? O que?
- Son precisas as descrições das persoaxes?
- Queda clara a miña posición na historia? (narrador-protagonista, narrador-testigo)
- O título da historia adecúase ó contido?



## 7. Podo mellorar o meu relato. Teño en conta:

### Aspectos expresivos e ortográficos:

- Reviso se cometín faltas de ortografía.
- Encontro repetición de palabras ou termos vulgares? Cales?
- Que sinónimos podo empregar para substituír esas palabras e/ou expresións?
- Hai algún signo de puntuación mal empregado?





## 8. Xenial para rematar só me queda revisar o título.

Pensa se resultará atractivo para que os demáis quieran ler a túa historia.

